

Edificio Xerencia
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Universidade de Vigo Tel: 986 812 000 Fax: 986 812 060	xerencia.uvigo.es xerencia@uvigo.es
Saída Nº. 2012000000028 02/01/12 10:30:48	

INSTRUCCIÓN XERENCIAL SOBRE A INCIDENCIA DA RESOLUCIÓN DA CREACIÓN DO NOVO CENTRO DE ENXEÑARÍA INDUSTRIAL NAS COMPETENCIAS DOS ADMINISTRADORES E DOS XEFES ACADÉMICOS E ECONÓMICOS.

Primeiro.- No Diario Oficial de Galicia de 29 de outubro de 2008 publícase a Resolución de 6 de outubro de 2008 pola que se publica a Relación de Postos de Traballo (RPT) de Persoal Funcionario de Administración e Servizos da Universidade de Vigo. Na dita Resolución establécese a existencia dun Administrador/a de Centros e Xefe/a de Área Económica para o Campus Histórico: E.U.E.T. Industrial e E.E.U. de Estudos Empresariais, así como un Xefe/a de Área Académica para a Escola Universitaria de Enxeñaría Técnica Industrial. Por outra banda, e respecto aos Centros Tecnolóxicos (E.T.S.E. de Industriais, E.T.S.E. de Minas e E.T.S.E. de Telecomunicacións), se contempla un Administrador/a de Centros, un Xefe/a de Área Económica e respecto á E.T.S. de Enxeñeiros Industriais e E.T.S. de Minas un Xefe/a de Área Académica.

Segundo.- No Diario Oficial de Galicia de 14 de setembro de 2011 publícase a Delegación de Competencias do Reitor, que nos seus artigos 12 e 16 se refire aos Administradores de Centro, Xefes de Área Académica e Xefes da Área Económica.

Terceiro.- Con data de 14 de febreiro de 2011 publicouse no Diario Oficial de Galicia o Decreto 14/2011 polo que se suprime, se crea e modifica a denominación dos Centros da Universidade de Vigo. O artigo 1.1 de dito Decreto establece: *“Acórdase a Supresión da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros Industriais e da Escola Universitaria de enxeñaría Industrial, situadas no campus de Vigo, por creación da Escola de Enxeñaría Industrial, na que se unifican as anteriores.”*

Respecto á incidencia que esta publicación ten nas competencias atribuídas aos Administradores/as de Centro e Xefes/as de área académica citados, solicitouse informe á Asesoría Xurídica que se adxunta como Anexo desta Instrución. Nel se informa que: *“dado que os centros referidos na RPT respecto a estes postos, E.U.E.T. Industrial e E.T.S.E. de Industriais, son literalmente suprimidos pola creación da Escola de Enxeñaría Industrial na que se unifican as anteriores, as competencias que anteriormente se atribuían aos citados Administradores/as de Centro e*

Xefes/as de área académica citados respecto á E.U.E.T. Industrial e E.T.S.E. de Industriais, deben s continuarse agora desempeñando respecto ao centro que as substitúe que é a Escola de Enxeñaría Industrial.”

Con base nesta motivación, ESTA XERENCIA RESOLVE DITAR A SEGUINTE

INSTRUCCIÓN:

As competencias que anteriormente se atribuían ao Administrador/a de Centros e Xefe/a de Área Económica para o Campus Histórico que comprendía a E.U.E.T. Industrial e E.E.U. de Estudos Empresariais, así como ao Xefe/a de Área Académica para a Escola Universitaria de Enxeñaría Técnica Industrial e por outra banda, e Administrador/ de Centros e Xefe/a de Área Económica para os Centros Tecnolóxicos (E.T.S.E. de Industriais, E.T.S.E. de Minas e E.T.S.E. de Telecomunicacións) e Xefe/a de Área Académica para a ETS de Enxeñeiros Industriais e a ETS de Minas, suprimidas as E.U.E.T. Industrial e E.T.S.E. de Industriais, deben continuarse agora desempeñando con respecto ao centro que as substitúe que é a Escola de Enxeñaría Industrial.

Vigo, 2 de xaneiro de 2012

O Xerente



Manuel Fernández Jauregui